

CIG-Ensino e ANPAS GALEGAS concentráronse este martes contra os recortes de profesorado e desdobres en secundaria

O secretario nacional da CIG-Ensino, Suso Bermello, mostra a súa preocupación ante os recortes sufridos neste curso académico. Lembrou que neste curso o número provisional de perda de postos de traballo en secundaria e ensinanzas de réxime especial é de 584 docentes. Ademais informou de que nos últimos días aumentan as alertas de profesorado e alumnado que remiten ao sindicato denuncias con novos ataques ao ensino público, pola imposibilidade de cursar certas materias ao ter unha matrícula inferior a 5 alumnos e alumnas.



CIG-Ensino e ANPAS GALEGAS concentráronse esta mañá diante da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade contra os recortes de persoal docente e desdobres en secundaria, insistindo na importancia da mobilización para que a Consellaría rectifique na súa política de recortes, especialmente contra o rural.

Ausencia de transparencia para ocultar os recortes de profesorado

A CIG-Ensino denuncia a falta de información sobre as cifras de profesorado en activo no actual curso escolar, tanto funcionariado de carreira como interino. O secretario nacional da CIG-Ensino exige que “A administración educativa proporcione publicamente as cifras totais de docentes con nomeamento en vigor no comezo de curso, tanto en infantil e primaria como nas ensinanzas de secundaria”

“A adxudicación de destinos provisionais de secundaria e ensinanzas de réxime especial é de 584 docentes menos que no curso anterior. Esta cifra de redución de profesorado é aínda maior tendo en conta as xubilacións e as prazas non cubertas, xa que hai, sen dúbida, prazas de xubilacións que se amortizaron e non se adxudicaron” insiste novamente Suso Bermello.

Os recortes dificultan o proceso de aprendizaxe, empeoran o traballo do profesorado e reducen a oferta dos centros

Os recortes no número de docentes implica nalgúns centros a redución ou mesmo a desaparición da oferta da ESA. A maior parte dos centros de secundaria, como en primaria, vense afectados pola incapacidade de facer desdobres, non só de grupos completos senón tamén de materias concretas. Tamén destaca a imposibilidade de manter os apoios para a atención educativa. A realidade máis habitual na información trasladada polos centros á CIG-Ensino implica a ampliación de impartición de afíns. Noutros casos vai ser imposíbel manter grupos de PMAR, CUALE ou mesmo poder participar en programas ofertados pola Consellaría, o que provoca unha auténtica contradición.

As materias con menos de cinco alumnos e alumnas non se impartirían neste curso

Suso Bermello insiste en que o rural volve a sufrir un novo recorte. “A Consellaría viña permitindo en determinados casos que, se existía profesorado no centro con dispoñibilidade horaria, se puidesen ofertar esas materias. Neste curso, a Inspección educativa está comunicando aos IES de zonas rurais que non se van facer excepcións. Isto provoca unha clara discriminación para o alumnado que se ve obrigado a coller outras materias nas que non ten interese ou a se matricular das da súa modalidade a distancia”, engadiu. A CIG-Ensino demanda da Consellaría que rectifique a súa decisión e autorice nos IES dos concellos rurais, “Cursar as materias troncais con independencia do número de alumnado matriculado e do profesorado do centro, cubrindo todas as necesidades”, insiste Suso Bemello.

O secretario nacional da CIG-Ensino incide en “Cursar as materias específicas con menos de cinco alumnos e alumnas se hai profesorado suficiente no centro e recorrer ao ensino a distancia só se é solicitado voluntariamente polo alumnado”.

Sen datos sobre os efectos da pandemia nos centros escolares



CIG-Ensino e ANPAS GALEGAS son moi críticos coa opacidade da Consellaría dado que un ano despois das evidencias dos efectos da pandemia nos centros escolares non temos ningún tipo de estudo sobre os seus efectos: por grupos de idade, por sectores profesionais, por zonas xeográficas, por tipoloxía de centros etc. Este escurantismo esténdese tamén ao ámbito orzamentario xa que neste momento non existe información detallada sobre en que se gastaron os cartos que desde o Goberno estatal se destinaron ao ámbito educativo do curso 2020/21.

A importancia da mobilización da comunidade educativa

É imprescindíbel que a comunidade educativa reaccione ante os criterios adoptados pola Xunta, nin científicos nin sanitarios, obviando a aínda moi elevada incidencia da pandemia, nomeadamente no sector máis novo da sociedade. As entidades convocantes fan especial fincapé en que as medidas adoptadas pola Administración ante o inminente comezo de curso fundaméntanse en criterios económicos e nunha concepción ultraliberal xa que unha redución de profesorado supón un sucumento aforro que, por outro lado, carrexará un inexorable detrimento da calidade do ensino.

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 871
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal